

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS RELACIONADOS COA IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DIXITAL PARA O SEGUIMENTO DA XESTIÓN NA REDE DE ESTRADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA (RAEGA)

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste acordo polos Decretos 26/2019, do 7 de marzo e 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproban a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas respectivamente

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O 7 de setembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Os Estatutos do IET foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.

- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:
 - Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
 - Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG).
 - Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.



SEGUNDO.- A Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI) foi creada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico. No Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o seu estatuto recóllese como principal obxectivo da axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas, ademais de garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

TERCEIRO.- Para a xestión de todas as actuacións que se realizan sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas dispón, na actualidade, de diferentes aplicacións e programas informáticos que xestionan diversas fontes de datos e parámetros sobre as características e estado dos diferentes elementos da estrada e sobre as accións e actividades que se realizan sobre ela.

As singulares características de cada un destes sistemas (algúns dos cales se atopan xa obsoletos ou ben se identificou que carecen dalgunha das funcionalidades que se consideran necesarias) e a súa xestión individualizada, fan que non exista unha

análise conxunta e integral de todos os aspectos relacionados directa ou indirectamente coa xestión da Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Este coñecemento permitiría abordar novas políticas e accións de planificación sobre esas estradas, baseadas en sistemas obxectivos, deseñadas a partir do coñecemento da situación actual da rede e apoiadas na evolución das novas tecnoloxías de análise e xestión dos datos.

Neste sentido, o alto desenvolvemento e os avances que se están producindo no campo das tecnoloxías da información ofrecen unha oportunidade para avanzar na adopción de novos sistemas, na modernización e integración dos procesos e na explotación da información para unha xestión integral máis eficiente das estradas. Por outra banda, dispoñer dun sistema para unificar e compartir a información da rede entre as diferentes Áreas da Axencia Galega de Infraestruturas melloraría sensiblemente a coordinación e a xestión dos servizos que presta.


A integración de todos os datos e sistemas relacionados coa Rede Autonómica de Estradas de Galicia supón un reto de innovación e investigación, que a Axencia Galega de Infraestruturas está interesada en realizar. Por ese motivo, a Axencia Galega de Infraestruturas elaborou a Estratexia de Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia, que recolle todas as actuacións que ten previsto desenvolver neses campos, e que se fundamenta nos seguintes obxectivos xerais:

- Organizar e adecuar de forma eficiente os recursos tanto tecnolóxicos como humanos implicados na xestión da Rede Autonómica de Estradas en Galicia.
- Ampliar, centralizar e unificar toda a información vinculada coa xestión da Rede Autonómica de Estradas en Galicia.
- Potenciar a dixitalización e consulta da información a través de medios electrónicos e desde calquera punto.
- Facilitar a coordinación entre os profesionais dos diferentes organismos e áreas que interveñen na xestión da Rede Autonómica de Estradas en Galicia.


A Estratexia de Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia permitirá, ademais, poñer ao dispor dos cidadáns gran cantidade de información estruturada, tanto de interese xeral (datos das estradas, zonas de dominio público e de protección da estrada, liñas límite de edificación, estado da infraestrutura, datos de tráfico, sinistralidade...) como particular (estado de tramitación de expedientes de autorizacións, sancións, expropiacións...), mellorando a transparencia, aforrando custos e tempos de xestión ás persoas e optimizando os recursos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a antedita Estratexia de Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia está aliñada coas actuacións previstas no Plan estratéxico de modernización e mellora dos sistemas de información, que se elaborou en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

En todo caso, a Axencia Galega de Infraestruturas é consciente de que, para que unha estratexia de transformación dixital como esa teña éxito, debe de ser aceptada e adoptada polo conxunto do persoal que deberá empregar as novas ferramentas e, para iso, é imprescindible que todas elas supoñan unha mellora evidente en termos de eficacia (realizar de forma segura e fiable as accións necesarias) e eficiencia (realizar as accións necesarias consumindo para iso a menor cantidade de recursos que sexa posible). É dicir, que debe percibirse, de forma clara e evidente, unha mellora, en termos de sinxeleza e rapidez, no emprego das novas ferramentas, en comparación cos anteriores métodos de traballo. Por tanto, todas as accións que forman parte da Estratexia de Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia deberán de cumprir, en primeiro lugar, esa premisa.



CUARTO.- Tanto a Axencia Galega de Infraestruturas como o Instituto de Estudos do Territorio, están de acordo en establecer unha colaboración nos campos de interese común.



QUINTO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece, no seu artigo 14, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre si, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou calquera tipo de recursos para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Para conseguilo as entidades participantes consideran moi útil definir un marco de colaboración institucional e acordan formalizar o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este acordo de cooperación ten por obxecto o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Instituto de Estudos do Territorio para desenvolver os acordos e tarefas que servirán de apoio ás actuacións para desenvolver un visor xeográfico corporativo coa información relativa á Rede Autonómica de Estradas de Galicia que se atope dispoñible en cada momento, partindo da situación actual e avanzando a medida que se vaian desenvolvendo os traballos de dixitalización e estruturación de información que veñen previstos na Estratexia de Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia.

A finalidade é a de dispoñer dunha ferramenta unificada, que aglutine toda a información xeográfica relacionada coa Rede Autonómica de Estradas de Galicia e coa súa xestión e que sirva, ao mesmo tempo, como un instrumento de traballo útil para o persoal da Axencia Galega de Infraestruturas e como un punto de consulta de información para o conxunto da cidadanía, que simplifique os seus trámites co organismo xestor das estradas de titularidade autonómica.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO IET

O IET, asume os seguintes compromisos no marco deste Acordo de Colaboración:

1. Asesoramento e apoio aos traballos de análise e planificación no eido da información xeográfica correspondentes a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (RAEGA).
2. Facilitar e coordinar a información necesaria para a planificación así como a difusión da información mediante un visor xeográfico.
3. Facilitar e incorporar a nova información de tipo xeográfica e territorial froito dos traballos e ferramentas que se desenvolverán dentro deste convenio ao sistema de información xeográfica corporativa da Xunta de Galicia.
4. Colaborar na elaboración de pregos e normas técnicas da AXI para o establecemento de estándares e formatos que debe cumprir a información xeográfica, cartográfica ou de similar natureza da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).



5. -Colaborar na xeración e catalogación de información xeográfica histórica da AXI en función das dispoñibilidades e recursos existentes.
6. De ser o caso, contratar os traballos que dentro das súas funcións axuden ou complementen á correcta execución deste convenio.
7. Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria.
8. Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste acordo, a cuxo efecto o IET a través do seu Departamento Técnico de Estudos, designará uns/unhas técnicos/as con capacidade de decisión, que dirixirá/n e supervisará/n os traballos a desenvolver dentro do marco deste Convenio de Colaboración.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXI.

A AXI asume os seguintes compromisos no marco deste Acordo de Colaboración:

1. Planificar, organizar, promover e impulsar a realización das actuacións previstas na cláusula primeira deste pacto.
2. Dirixir e fixar os criterios para a realización dos traballos e estudos obxecto deste acordo, acuxo efecto designará o persoal técnico que considere oportuno, para formar parte do equipo/s de traballo sinalados no presente Acordo de Colaboración.
3. Facilitar toda a información necesaria para a realización dos traballos relativos ao visor así como a mellora da información de ser preciso, segundo os requirimentos técnicos indicados.
4. Realizar os traballos de tratamento da información necesaria para a súa incorporación as ferramentas do sistema de información xeográfico corporativo segundo as indicacións técnicas do IET.
5. Facilitarlle ao IET directamente ou a través de terceiros, se é o caso, a información da que dispoña a AXI relativa á mobilidade e ás condicións de uso de vehículos na Rede Autonómica de Estradas de Galicia e, no caso de que se dispoña dela, no resto do territorio da Comunidade Autónoma galega.
6. Contratar todos traballos que no seu ámbito sexan necesarios para a determinación precisa da Rede de Estradas de Galicia de competencia autonómica (RAEGA).



7. Colaborar coa notificación dos erros existentes na cartografía base oficial da Xunta de Galicia con respecto á rede de estradas de competencia autonómica.
8. Facilitar ao IET a información xeográfica actualizada con periodicidade anual das accións realizadas por parte da Axencia Galega de Infraestruturas que supoñan un cambio no RAEGA ou de calquera outra capa de información producida polo organismo recollida dentro do anexo II do PGCIX.

Para levalo a cabo, incorporárase na medida do posible aos seus procedementos administrativos:

- a) A solicitude de planos as built adaptados as normas cartográficas existentes nese intre, dentro dos pregos elaborados para a contratación de obras e servizos.
- b) A incorporación de referencias catastrais aos expedientes administrativos tramitados para a identificación dos predios afectados, para a xeración de bases de datos espaciais a partir da recolleita desta información.

CUARTA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente acordo.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

As actuacións previstas neste acordo serán desenvolvidas polo persoal propio do IET, sen custe ningún.

SEXTA.- VIXENCIA

Este acordo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023 dende a data da súa sinatura. Antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do acordo poderán acordar a súa prórroga por un período adicional dun ano mediante unha addenda ao acordo.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

Este acordo será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade dando as partes asinantes o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo e mailo resto de especificacións contidas no mesmos nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, facilitar o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, efectos ou a súa resolución, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

Por parte do IET: A persoa titular do Instituto de Estudos do Territorio, ou persoa que dispoña para que a substitúa, e unha persoa funcionaria.

Por parte da AXI: A persoa titular da Axencia Galega de Infraestruturas, ou persoa que dispoña para que a substitúa, e unha persoa funcionaria.

O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustarase ao establecido no capítulo II Sección Terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente acordo en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente acordo deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado. Son causas de resolución do presente acordo:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no acordo.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente acordo, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do acordo sen terse acordado a prórroga deste.



DÉCIMO PRIMEIRA.- JURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente acordo ten natureza administrativa considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

En proba de conformidade asinan o presente acordo.

Ángeles Vázquez Mejuto



Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda e presidenta do
Instituto de Estudos do Territorio

Ethel M^a Vázquez Mourelle



Conselleira de Infraestruturas e
Mobilidade e presidenta da Axencia
Galega de Infraestruturas